

Ao día seguinte xa son 6 persoas as que permanecen no centro da pista. Ao seguinte, 11; ao seguinte, 19, e ao seguinte, 27.



Aquéndanse para xogar ás pas, debuxan no chan unha mariola e traen unha baralla. Rin, contan historias e desfrutan do espazo ao aire libre. Cada vez resulta máis complicado esquivalas.



Tras case unha semana así, Anxos cansa e achégase disposta a botalas do seu campo, o que tanto lle custou gañar. Cando ve o que Lúa ten nas mans, lembra as tardes de verán na casa da avoa, cando esta lle ensinou a bailar o trompo.

A outra nena non ten nin idea de como facelo, así que Anxos lle axuda*.



[*] Sabías que entre os bonobos, os primates máis intelixentes, mandan as femias porque elas traballan en equipo, mentres que eles son máis individualistas?

Ao día seguinte, a escola enteira bota unha partida xigante de pés quedos na que participa ata a profesora de garda.



O único que non xoga é o bigotudo Adán, que queda enfurruñado nunha esquina sen entender nada.

